

REPORTAJE

REVISITANDO A ROMÁNTICA FANTASÍA DE VICETTO

A obra do ferrolán Benito Vicetto –1824-1878– é fundamental para entender unha época que os historiadores cualifican de trascendental na reconfiguración da identidade cultural e política dun galeguismo que aínda non era tal.

Non obstante, a súa figura e o seu labor quedaron eclipsados pola coetaneidade de Manuel Murguía, situado por moitos nun plano superior ao do militar ferrolán polas “licencias” que, din, este se tomaba nos seus escritos históricos. Con todo, cómpre seguir reivindicando a Vicetto, pois o seu legado é, aínda, fonte e mesmo xérmolo dun Rexurdimento cultural e tamén identitario



Texto Jose Gómez
Fotografía Estevo Barros

Nun inxusto e desigual xogo de contraposicións, o ferrolán Benito Vicetto –1824-1878– levou as de perder ante unha das figuras esgrevias das letras galegas, Manuel Murguía. É ben sabido, como alude Vicetto nal-

gún escrito, que a relación entre o militar de pai italiano e nai galega e o consorte de Rosalía de Castro non foi precisamente a mellor desde os prolegómenos da publicación –case á vez– das súas respectivas “Historias de Galicia”, ambas en castelán, volumes que inauguraron dalgún xeito a historiografía galega. O que queda, en definitiva, é que deses desacordos xurdiu tamén a consideración de que un deles, Murguía, estaba por riba do ferrolán, e ata os nosos días chega esa clasificación.

APUNTAMENTOS BIOGRÁFICOS

Aínda que á súa maneira, a obra de Benito Vicetto é o suficientemente interesante como para que da súa memoria só quede na súa cidade natal unha rúa de Ferrol Vello. Os seus méritos, entre os que habería que destacar a súa inxente produción literaria de corte romántico e sobre todo en lingua española, o feito de ser un dos nomes do Rexurdimento cultural galego do XIX e o seu contributo, pioneiro, á historiografía galega, teñen ademais o valor engadido de que conflúen nun home autodidacta que pasou media vida con destinos alleos a Galicia. De feito, a única formación académica que recibiu Benito Vicetto foi no colexio de Gardamariñas e Pilotos do Arsenal de Ferrol, aínda que o abandonaría moi novo, xustamente cando finou a súa nai. Desde entón e tralo seu alistamento voluntario no exército para participar na primeira guerra carlista, o periplo do ferrolán lévaa por

media España: despois do conflito, Vicetto marchou a Madrid para ingresar no Real Corpo de Alabardeiros e, xa en 1850, ao deixar o servizo militar, foille concedido o título de cabaleiro da Orde de Carlos III e nomeado oficial na prisión de Sevilla, onde permanecerá ata 1852, ano no que, co cargo de maior de presidio, se traslada á Coruña. Alí, como recolle Xosefina López de Serantes no libro editado por Alvarellos en 1978 “Benito Vicetto ñorado” –á venda na web da editora–, o escritor foi

moi ben recibido nos círculos literarios grazas á publicación da súa obra periódica –“Crónica de Occidente” e, por riba de todo, “El Clamor de Galicia”, xornal que sostíña a causa provincialista–. Non foi este o último destino de Vicetto, que tres anos despois da súa chegada á cidade herculina habería ser destinado como comandante ao penal de Alcalá de Henares, onde botará ata

Moitos sitúano a nivel historiográfico por debaixo do seu coetáneo Murguía

1859, data de regreso á Coruña. Aquí emprende a publicación por cadernos da súa monumental “Historia de Galicia” en El Diario, dirixido por Castor Míguez –1861–, motivo polo que recibirá unha homenaxe. Neste mesmo ano ten lugar un dos acontecementos que se adoitan incluír na listaxe de efemérides do Rexurdimento, os primeiros Xogos Florais –en edición bilingüe, pois para os primeiros integramente en galego haberá que agardar aos de 1891 en Tui–, celebrados tamén na Coruña. O ferrolán participa cunha balada, “Al enamorado Macías”, pola que recibe o accésit e non o primeiro premio que el agardaba –fala o escritor Herique Dacosta da man negra da condessa de Espoz y Mina, a quen Vicetto adicara en 1857 “Rogín Rojal o el paje de los cabellos de oro”– e que lle supuxo unha decepción tan grande que mesmo chegou a pedir o traslado aos cárceres

de Toledo, primeiro, e Granada, Ceuta e Barcelona, despois, para finalmente regresar a Coruña. Tralo triunfo da revolución de 1868 é nomeado superintendente da fábrica de moeda de Xuvia e, ao pechar esta, adicase á publicación da Revista Galaica –Ferrol, 1874 a 1876– e, posteriormente, a desempeñar a xefatura dun negociado no Goberno Civil da Coruña, emprego que abandonaría pouco antes de morrer.

LITERATURA E PROSELITISMO

O certo é que ao longo de toda a súa peripecia vital, Benito Vicetto non deixou nunca de escribir, case sempre en español, desde que aos vinte anos publicara en Madrid “El caballero verde”. O profesor Dacosta –que glosa a figura do ferrolán no libro “Ferroláns na Historia da Literatura Galega” recentemente publicado en Embora– remítase a Carvalho Calero para comentar de Vicetto que, se ben a súa temática, o asunto, era galega, a lingua elixida foi o castelán, feito que, aínda que entra en contradición coa defensa a ultranza da galeguidade, a reconstrución da identidade e do seu imaxinario colectivo –o mito do celtismo– e mesmo a necesidade de utilizar a lingua en todas as manifestacións culturais– non debera estrañar porque era moeda común en case todos os precursores do Rexurdimento e do Rexionalismo. “El mesmo –afirma Dacosta– autoproclamábase como o iniciador do Rexionalismo e non hai que negar que foi unha figura de extremo interese na historia das ideas en Galiza. A súa obra, non obstante, está case integramente escrita en español (novela, teatro, poesía...). Así mesmo, tamén o está a súa *Historia de Galicia*, publicada en Ferrol en sete tomos, entre 1865 e 1873. Con ela contribuíu a erguer o espírito nacional galego. Trátase dunha historia absolutamente romántica e novelesca en que se recollen artigos históricos, lendas e tradicións. En lingua galega escribiu un romance, a xeito de balada romántica, e a respecto da liñaxe dos Montenegros. Non ten excesiva relevancia, pero Carvalho noméao (1981: 117) porque marca o precedente da transposición do tema cabaleiresco ás personificacións lendarias dos topónimos ás que Pondal tamén foi tan afeccionado:

*Mal feridos cabaleiros
que hoxe da batalla vís,
.....
Monte Branco, Monte Branco,
¿qué che fixeron a ti?
¡Ouh Monte Branco, ti eres
Monte Negro para min!
Outros poemas en galego son “A cantiga dos ‘Borbori-*



Dacosta: “No plano literario a importancia de Vicetto é máis ben secundaria; o seu labor máis importante foi sen dúbida o proselitismo”

ños”, que figura na novela *El lago de la Limia*, e “Ti e Eu. Sono dunha noite de vrao”, inserida en *El Museo Universal de Madrid*, nº 32, de 1862”.

O profesor ferrolán opina a este respecto que “a nivel literario, a importancia de Vicetto é máis ben secundaria: o seu labor máis importante é o proselitismo, e aí temos por exemplo o mito do mariscal Pardo de Cela que tanto glosou e cuxo debate chega ata os nosos días. Hai que ter en conta que os románticos querían afianzar a Historia a través de feitos históricos e lendarios que espertasen a admiración das masas e por iso o seu traballo non era tan científico como o de Murguía”. Dacosta refire unha cita de Carvalho Calero que aparece na súa *Historia da Literatura Galega* para avalar as súas palabras: “É o máis exaltadamente romántico dos nosos historiadores. Por inaceptable que sexa a súa obra desde o punto de vista científico, se non pode esquecer a súa importancia como contribución á formación do espírito galego nos tempos modernos. Vicetto propugna o emprego do galego na universidade e nos institutos de ensino, co que estamos xa no campo do galeguismo lingüístico”.

O seu admirador, biógrafo e contemporáneo Nicolás Fort Roldán dividiu daquela a produción de

Vicetto en catro seccións: novela histórica, tradicións cabaleirescas, novelas sociais e costumistas –que teñen o seu auxe en “El último Roade”– e unha especie de miscelánea na que cabería de todo –tamén poesía– e que, agrupada, levaría por título “Ecos del alma”. A este respecto, Henrique Dacosta dá conta dunha frase


de Saralegui acerca da faceta lírica de Vicetto: “poeta de corazón máis que de formas”. “Ou sexa –continúa–, que o seu é “puro amor a Galicia”, exaltación patriótica visceral. Non hai que esquecer, en todo caso, que os rexionalistas non empregaban a lingua galega, aínda que si incidían na necesidade de facelo; o seu uso habitual sería posterior; de feito, o primeiro estudo científico en galego publicouse en 1861 –“Reseña Stórica de Galicia” de Antonio María de la Iglesia– e, por exemplo, en oratoria hai que ir ata 1889 en Bos Aires, nun discurso académico de Francisco Suárez Delgado sobre Rosalía”.

A FACETA HISTÓRICA

De desvencellar a faceta creativa da puramente documental, a produción literaria da pescuda histórica na obra de Vicetto, o resultado sería unha pequena liña enormemente difusa; esta confusión é, ademais, a primeira obxección que esgrimen os detractores da súa aportación histórica para restarlle fiabilidade e importancia. A este respecto cómpre rescatar as achegas do filólogo Juan Renales Cortés nun artigo publicado hai case dúas décadas na revista *Filología Románica* que edita a editorial da Universidad Complutense de Madrid. “Desde o principio, historia e narrativa son practicamente simultáneas na obra de Vicetto; máis: a oposición entre historia e relato dáse no interior de cada obra”. Tamén nos sete volumes da súa “Historia de Galicia”. O profesor da Universidade de Santiago de Compostela Carlos Barros ten abordado os traballos de Vicetto en varios artigos colgados na súa web –www.h-debate.com– e, aínda que recoñece as licencias que se tomaba o ferrolán, non nega que “hoxe existe consenso en que é un dos primeiros grandes historiadores galegos, xunto con (Pasa á páxina seguinte)



Á esquerda, retrato doado por Antonio Rey Escariz á Real Academia Galega que aparece no libro de Xosefina López “Benito Vicetto iforado”. Arriba, rúa de Ferrol Vello que leva o nome do escritor ferrolán. Abaixo, o seu contemporáneo Manuel Murguía e capa do libro de Dacosta



Manuel Murguía, pois ámbolos dous puxeron as bases da historiografía galega na segunda metade do século XIX. Hai debates entre eles e parece ser que tampouco se entendían no ámbito persoal. Nun traballíño de Murguía, este polemiza con Vicetto pola interpretación da revolta irmandiña, de Pardo de Cela, dos Reis Católicos, nun debate case orixinario que chegou ata hoxe. Murguía era de formación máis alemá, máis positivista, e Vicetto mesuraba ese interese polos documentos con certa influencia da imaxinación á hora de escribir historia: iso facía que chocaran. De todas formas creo que sería o momento de reivindicar a Vicetto como un dos fundadores da historiografía galega, cousa que no caso de Murguía posiblemente non faga falta”.

Como romántico que era, explica Carlos Barros, “defendía con paixón, como todo o que facía, que na historia eran necesarios os documentos pero tamén a imaxinación, e dicíao de xeito explícito. Nunca negou a importancia da documentación, e utilizouna moitísimo, senón que dicía que onde non chega a documentación hai que imaxinarse, cousa que hoxe xa permiten moitos máis historiadores que naquel momento fundacional, cando quizais non convíña a unha Historia de Galicia que estaba empezando”.

Barros destaca a trascendencia de Vicetto porque “foi un home moi metido no seu tempo, e esquécese que

**Carlos Barros:
“El defendía de
xeito explícito
que na historia
eran necesarios
os documentos,
pero tamén a
imaxinación”**

a mellor obra histórica nace ás veces de historiadores moi vencellados ao seu tempo, que non se trata de simples eruditos que buscan nas bibliotecas: esa é unha das claves para entender a orixinalidade dunha obra histórica. Murguía foi posiblemente o primeiro historiador de oficio, pero hai que lembrar que o estudo desta materia empezou grazas a escritores que a utilizaban nas súas novelas e que ás veces facían libros de historia e a veces fa-

cían novelas, e así empezou en toda Europa”. O historiador da USC reconece que “con todo, hai que visitar a Benito Vicetto, que nesa batalla pola tradición historiográfica de hai máis de cen anos sempre perdeu fronte a Murguía. Hai que revisar a súa aportación porque, entre outras cousas, ten como valor positivo a aproximación desde unhas posicións liberais, galeguistas, protonacionalistas á Historia de Galicia que tamén tiña, aínda que máis moderadas, Murguía: esa paixón que poñía

Vicetto nas súas posicións políticas fai-no moi cercano ás tradicións máis liberais e progresistas de hoxenda”.

GRANDES APORTACIÓNS

Fóra inventiva, as achegas de Vicetto á historia son importantes, como sostén Barros. “Unha das razóns para reivindicalo –apunta– é que sacou do esquecemento documentación moi importante no seu momento, por exemplo, o nobiliario das casas antigas de Galicia de Vasco da Ponte, do que agora xa hai unha edición crítica pero que durante un século esa crónica nobiliaria, que é fundamental para entendermos a fin da Idade Media en Galicia, só se coñeceu a través dun apéndice do tomo VI da *Historia de Galicia* de Vicetto. A súa aportación fundamental foi poñer as bases, paralelamente a outros, aínda que el xogou un papel importante, da Historia de Galicia. Foi o único dos que o intentaron, incluído Murguía, que fixo unha *Historia de Galicia* completa, desde a Prehistoria ata os seus días. Aí están os comezos da Historia de Galicia, pois ata entón o que había era a Historia de España, e aí é onde o espírito galeguista e liberal levávanos a dicir que existen uns feitos históricos encadeados que explican que o que daquela podíase considerar provincia ou rexión, incluso polos propios protonacionalistas do momento, era un país diferenciado. Esa conciencia levouno a transformar pegadas do pasado en feitos históricos, como a consideración de que Galicia é unha comunidade historicamente formada: ese é o principal descubrimento da historiografía daquel momento na que hai que salientar a Vicetto”. Carlos Barros lembra nese sentido que “a revolta irmandiña está entresacada dese nobiliario de Vasco da Ponte, que é unha fonte contraria aos propios irmandiños, pero naquel momento no que se descoñecía practicamente todo, incluso a existencia dese feito histórico, con esas pequenas referencias que facía Vasco da Ponte Vicetto transfórmaos nun feito histórico que tiña unha importancia menor na Historia de España pero fundamental para entender a Historia de Galicia, sobre todo a transición da Idade Media á Idade Moderna”.

As grandes aportacións de Vicetto continúan, segundo Carlos Barros, cun feito que ten que ver co seu compromiso co seu tempo ao que aludía antes. “O seu espírito liberal levouno a prestar atención a multitude de conflitos e revoltas do que el chamaba a loita dos vasallos por emanciparse dos seus señores que, naturalmente, responde a unha inquietude liberal e antifeudal moi típica dunha parte do exército, da intelectualidade, dos liberais da época. Ese interese permítenos coñecer revoltas antiseñoriais e antifeudais das que hoxe non poderíamos dar co documento orixinal. Parece unha cousa menor, pero non o é, pois a historiografía positivista que se está formando céntrase nas grandes figuras históricas: a ninguén se lle ocorre facer a biografía dun zapateiro nin grandes investigacións sobre a revolta de María Castaña ou a primeira revolta irmandiña nas terras de Pontedeume. Todo iso pasa por ler a Historia de Vicetto, soportando, iso si, os anacronismos, as interpolacións que el facía de debates do seu tempo entre liberais e conservadores, ou o seu anticlericalismo, moi típico do liberalismo decimonónico”.

Por estas descubertas e outras cousas, Barros defende a vixencia de Vicetto: “Todo iso aí está moi presente porque é unha obra de Historia feita entón, e cando había documentos inclúeo. Logo, cando non é así e a súa imaxinación divaga, tamén se lle nota pero hai que ser comprensivos porque se trata dunha obra que naturalmente nunca se volverá escribir”.

NICASIO TAXONERA,—EDITOR.

HISTORIA DE GALICIA

POR

DON BENITO VICETTO.

TOMO I.

FERROL:—1865.

Establecemento tipográfico de Taxonera,
REAL, 40.

EDICION FACSIMIL 1979

alvarellós
Editores Técnicos

Arriba, primeiro volume da “Historia de Galicia” de Benito Vicetto en edición facsimilar de Alvarellós Editora de 1978, centenario do pasamento do ferrolán. Abaixo, libro de Xosefina López de Serantes, do mesmo ano, e que hoxe só é posible adquirir a través da web www.alvarellós.info

josefina lópez de serantes

benito vicetto iñorado



alvarellós
Editores Técnicos

**“A través del
coñecemos o
nobiliario de
Vasco da
Ponte, básico
para entender
a transición da
Idade Media á
Moderna”**